



INTERPELACIÓN

Dende hai bastantes meses, os veciños residentes nas rúas Méndez Núñez, Romero Ortiz e Juan Francisco Fontán veñen denunciando tanto ante o Concello, Policía Local como publicamente o incumprimento que reiteradamente se está a producir da normativa existente en relación cos ruídos e vibracións que emanan dalgúns dos bares ubicados nestas rúas.

Nun escrito presentado o día 26 de setembro do pasado ano manifestan que dende o mes de marzo o problema foise agudizando progresivamente ata o punto de ser imposible conciliar o sono ou sequera descansar no interior das vivendas ata pasadas as catro e media da madrugada, especialmente as noites dos venres e sábados, aínda que ultimamente a perturbación comeza xa os mércores.

Estes veciños manifestan sentirse desasistidos polo Concello xa que pese á cantidade de denuncias e queixas feitas non se lles da unha solución efectiva de acordo coas competencias que nesta materia ten atribuído a Administración Local.

Conxuntamente con estes feitos levan denunciado o estacionamento de vehículos que a diario, facéndose máis notable os fins de semana, ten lugar no tramo da rúa Romero Ortiz declarado Vado Permanente tapando a porta dos garaxes existentes e incluso o acceso á única saída permitida, á rúa transversal Juan Francisco Fontán.

A vista da situación sinalada, o **Grupo Municipal do BNG** efectúa a seguinte INTERPELACIÓN:

- 1)- si se levaron a cabo controis e medicións santométricas cando un veciñ@ presentaba algunha denuncia ou queixa e, no seu caso, cales foron os resultados.
- 2)- si se está facendo un seguimento da actividade desenvolvida polos establecementos ubicados nesta zona, si cumpren co horario de peche establecido para o tipo de establecemento que teñen declarado, si cumpren coas medidas de insonorización e de illamento acústico dos locais.
- 3)- si se adoptou algunha medida para impedir o estacionamento de vehículos no tramo da rúa Romero Ortiz declarado como Vado Permanente.
- 4)- si tivo lugar a incoación dalgún procedemento sancionador por incumprimento da normativa vixente tanto en relación coa contaminación acústica como con respecto ao feito de estacionar nunha zona onde está prohibido facelo e, no seu caso, cal foi a resolución final dos mesmos.

Vilagarcía, a 28 de xuño de 2006.

Xosé Castro Ratón

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA